

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN VALDEGODOS PARA A REFORMA DAS PLANTAS TERCEIRA E CUARTA DA RESIDENCIA VIRGEN DE LOS MILAGROS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Primeiro.- Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora, modernización e adaptación dos recursos sociais destinados á atención de persoas maiores e persoas con necesidades de apoio, especialmente cando estas actuacións contribúen a reforzar a calidade da atención, a accesibilidade, a seguridade, a funcionalidade dos espazos e a dispoñibilidade de recursos adecuados para a prestación de servizos especializados.

Segundo.- Identificación da entidade beneficiaria

A Fundación Benéfico-Asistencial Valdegodos, con NIF G32008732, é unha entidade de iniciativa social titular da Residencia Virgen de los Milagros, situada na rúa Manuel Pérez Barreiro, nº 52, 32348 Vilamartín de Valdeorras, Ourense.

O centro figura inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e constitúe un recurso consolidado para a atención residencial das persoas maiores da comarca de Valdeorras e dos municipios da súa contorna.

A Fundación conta cunha ampla experiencia na xestión do centro e dispón da estrutura organizativa, dos medios profesionais e da capacidade técnica necesaria para executar as actuacións previstas e garantir a continuidade do servizo unha vez finalizadas as obras.

Terceiro.- Necesidade das actuacións



A Residencia Virgen de los Milagros iniciou nos últimos anos un proceso de reforma destinado a adaptar progresivamente as súas instalacións ao novo modelo residencial baseado na atención centrada na persoa e na organización dos espazos en unidades de convivencia.

Nos últimos anos levouse a cabo a remodelación das plantas primeira e segunda da Residencia Virgen de los Milagros para adaptalas ao novo modelo residencial baseado en unidades de convivencia. As plantas terceira e cuarta permanecen pendentes de reforma, polo que resulta necesario continuar coa actuación para completar a transformación do centro e garantir unhas condicións homoxéneas de atención, accesibilidade, seguridade e confort para todas as persoas residentes.

A intervención permitirá renovar as habitacións, os baños, as zonas comúns e as instalacións das dúas plantas. Tamén facilitará unha distribución dos espazos máis próxima á dun fogar e máis adecuada para prestar unha atención personalizada, preservar a intimidade das persoas residentes e favorecer a súa autonomía e participación na vida diaria.

A actuación afecta directamente a 75 prazas residenciais, das cales 50 se sitúan na terceira planta e 25 na cuarta.

Cuarto.- Actuacións a financiar

O convenio financiará as actuacións previstas na Residencia Virgen de los Milagros, de acordo coa distribución e cos conceptos recollidos no anexo I.

As actuacións previstas comprenden as seguintes:

- a) Execución dos traballos de desmontaxe e demolición necesarios para adaptar as plantas terceira e cuarta á nova distribución.
- b) Redistribución e acondicionamento das habitacións, baños, zonas comúns e demais espazos residenciais mediante obras de albanería, pavimentación, alicatado, revestimentos e falsos teitos.
- c) Instalación ou renovación das carpintarías metálicas e de madeira.
- d) Renovación e adaptación das instalacións de fontanería, saneamento, electricidade, iluminación, calefacción, climatización, ventilación e protección contra incendios.



e) Instalación dos equipamentos sanitarios e execución dos traballos de pintura, decoración e acabados necesarios.

f) Execución das actuacións de seguridade e saúde e de xestión dos residuos vinculadas ás obras.

As actuacións permitirán completar a reforma das plantas terceira e cuarta e continuar a adaptación da residencia ao novo modelo de atención organizado en unidades de convivencia.

Os bens, instalacións e melloras executados deberán destinarse á Residencia Virgen de los Milagros e á finalidade prevista no convenio, e permanecer vinculados á actuación subvencionada durante o prazo exixido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Finalidade da subvención

A finalidade da actuación é continuar a adaptación da Residencia Virgen de los Milagros ao novo modelo residencial baseado en unidades de convivencia e na atención centrada na persoa.

A reforma das plantas terceira e cuarta permitirá completar o proceso iniciado nas plantas primeira e segunda e garantir unhas condicións máis homoxéneas no conxunto do centro. As actuacións están dirixidas a mellorar a funcionalidade, a accesibilidade, a seguridade, o confort e a habitabilidade dos espazos residenciais.

Sexto.- Interese público e social

A actuación presenta un claro interese público e social ao incidir directamente na mellora dun recurso residencial destinado á atención de persoas maiores na comarca de Valdeorras. A Residencia Virgen de los Milagros presta un servizo continuado nun territorio marcado polo envellecemento da poboación e pola necesidade de contar con recursos asistenciais adaptados ás necesidades actuais das persoas usuarias.

A reforma das plantas terceira e cuarta permitirá mellorar as condicións de habitabilidade, accesibilidade, seguridade e confort de 75 prazas residenciais. Tamén permitirá avanzar na implantación dun modelo de atención máis personalizado e baseado en unidades de convivencia, con espazos máis próximos a un fogar e máis axeitados para preservar a intimidade, a autonomía e a dignidade das persoas residentes.



Sétimo.- Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa

A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A necesidade desta subvención vén determinada pola inexistencia na comarca de calquera outra entidade asistencial con capacidade equivalente para absorber a demanda de prazas e coidados complexos. Aínda que o territorio conta con micro-infraestruturas ou pequenas vivendas comunitarias locais, a Residencia Virgen de los Milagros sitúase como o principal nodo de referencia socio-sanitaria en Valdeorras pola súa ampla capacidade de acollida e polos seus servizos médicos, de enfermaría e de fisioterapia especializados. Non existe na zona ningunha outra alternativa institucional que poida dar unha resposta de semellante envergadura e con idéntico nivel de especialización a casos de gran dependencia (Graos II e III).

A singularidade deste recurso na contorna de Valdeorras convirte a este centro nun servizo público esencial para a vertebración do territorio. Executar estas obras de mellora é a vía máis eficaz para consolidar unha atención de máxima calidade no propio contorno dos usuarios, garantindo o mantemento e o fortalecemento dunha rede de prazas homologadas e sostibles a longo prazo. Polo tanto, ante a ausencia de alternativas equivalentes no territorio, o apoio financeiro directo a este centro constitúe a oportunidade idónea para blindar a estabilidade asistencial, o benestar dos maiores e a cohesión social na Galicia interior.

A actuación encádrase no proxecto número 1 do investimento C22.I1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, relativo á transformación da rede de coidados de longa duración mediante a construción, reforma e modernización de equipamentos sociais. Presenta, ademais, un grao suficiente de madurez técnica e económica para a súa execución dentro dos prazos vinculados ao dito plan e contribúe ao obxectivo de rehabilitación de centros residenciais.

Oitavo.- Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea –



NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.

A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos” e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

Noveno.- Financiamento

O custo total das actuacións correspondentes á anualidade 2026 ascende a dous millóns novecientos doce mil novecientos corenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (2.912.945,28 €). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará parcialmente este custo mediante unha subvención de cincocentos mil euros (500.000,00 €), con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. A Fundación Valdegodos asumirá con fondos propios o importe restante, que ascende a dous millóns catrocentos doce mil novecientos corenta e cinco euros con vinte e oito céntimos (2.412.945,28 €).

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.780.1, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.

A subvención limitarase aos gastos de investimento previstos no convenio e nos seus anexos, de acordo coa distribución e coas porcentaxes de financiamento establecidas para cada concepto. En ningún caso poderá supoñer beneficio económico para a Fundación Valdegodos nin superar o custo das actuacións subvencionadas.

Por todo o exposto, enténdese xustificada a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Valdegodos para financiar parcialmente a reforma das plantas terceira e cuarta da Residencia Virgen de los Milagros e continuar a súa adaptación ao novo modelo residencial baseado en unidades de convivencia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

